



B D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO **ALCALDE DO CONCELLO DE PORTO DO SON**

FAI SABER:

Coa Resolución do 16.05.2023 (DOG núm.104 do 02.06.2023) convócanse para o 2023 as axudas do **Programa de mellora da accesibilidade nas vivendas do Plan Estatal 2022/25 (VI435B):**

Actuacións subvencionables:

- Instalación de ascensores, salvaescaleiras, ramplas, automatismos para a apertura de portas e calquera outra medida de accesibilidade que facilite a autonomía e a vida independente de persoas con mobilidade reducida.
- Produtos de apoio como guindastres ou artefactos análogos.
- Elementos de información, de comunicación ou aviso: sinais luminosos e visuais, vibrotáctiles ou sonoros.
- Produtos de apoio á audición para a accesibilidades no contorno, como bucles magnéticos.
- Dispositivos de comunicación entre as vivendas e o exterior como videoporteiros.
- Dispositivos de alarma no ascensor.
- Domótica e outros avances tecnolóxicos
- Ampliación de espazos de circulación dentro da vivenda
- Mellora das condicións de accesibilidade en baños e cociñas.

Requisitos:

- Persoas físicas ou xurídicas de natureza privada que sexan propietarias ou usufrutuarias de vivendas unifamiliares ou de vivendas en edificios de tipoloxía residencial de vivenda colectiva.
- As persoas arrendatarias de vivendas, no suposto de que as obras non sexan de obrigada execución por parte da persoa propietaria.

PRAZO DE SOLICITUDE: Ata o 15 de xullo do 2023. Preferentemente **por medios electrónicos** a través do formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) (VI435B): A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas e as comunidades de persoas propietarias e as súas agrupacións.

Información xeral: **Instituto Galego de Vivenda e Solo**

e-mail: informacionxeral.igvs.santiago@xunta.gal

Teléfonos: 012 / 981 541 981 / 981 957 529

Servizos sociais Concello de Porto do Son: 981 867 414

O Alcalde

